OUTUBRO 2024

informa

www.cig-ensino.gal

Manual de consulta

ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE PARA PERSOAL QUE TRABALLA EN CENTROS PÚBLICOS OU QUE DEPENDEN DA CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN

Todo o que hai que saber

Para acreditar a nosa Competencia Dixital Docente (CDD) a Consellaría publicou unha ***Resolución que ten por obxecto estabelecer a convocatoria de acreditación da CDD polos diferentes procedementos,*** e unha serie de instrucións que se están actualizando constantemente e que se poden consultar na aplicación de FP Profe e que levan por título: Dúbidas frecuentes sobre CDD. No presente documento reseñamos as referencias que poden ser útiles para este procedemento de acreditación da CDD.

NORMATIVA

1.- ***RESOLUCIÓN do 5 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Centros e RRHH, pola que se convocan diferentes procedementos para a obtención da acreditación da competencia dixital docente para o persoal docente non universitario dos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galiza.***

2.- ***ANEXO coa asignación de nivel CDD a roles e postos docentes polo procedemento de acreditación de oficio***

3.- ***Orde do 1 de xuño de 2023 pola que se regula o procedemento para a acreditación da competencia dixital docente no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galiza.***

4.- ***Marco de referencia de competencia dixital docente. Este documento pode ser útil para ver exemplos de evidencias relacionadas cos indicadores.***

Pódese consultar toda a normativa sobre Competencias Dixitais Docentes aquí:

Até este momento non era preciso acreditar para ningún procedemento a nosa competencia dixital. Mais, agora, terase en conta **nos seguintes procedementos:**

- A partir da sinatura do Acordo entre a Consellaría cunha minoría sindical (CCOO, UGT e ANPE) **será obrigatorio ter acreditado o nivel B1,** en todas as áreas e con todas as horas, **para o perfeccionamento do seguinte sexenio a partir do 11 de outubro de 2029.**

- **No CXT** dentro dos 15 puntos do **"Apartado 5. Formación e perfeccionamento"** resérvase para **"Certificados de acreditación da competencia dixital 3 puntos",** segundo consta no *RD 677/2024 polo que se modifica o RD que regula o Concurso de Traslados.* A correspondencia entre os distintos niveis e puntuación regúlase na Orde da convocatoria do CXT.

Como podemos obter os diferentes niveis da competencia dixital?

- Con titulacións oficiais que habiliten para a función docente.
- Con certificación da formación.
- A través da observación do desempeño de roles e postos docentes.
- A través da avaliación de evidencias.
- **Coa superación dunha proba específica.**

ESTRUTURA DA COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE: OS NIVEIS, AS ÁREAS E OS INDICADORES

OS NIVEIS

Unha ollada rápida sobre os diferentes niveis da CDD e como podemos acreditalos.

Nivel A1

- **Certificación da formación:** unha ou varias actividades formativas, **40 horas.**
- **Superación dunha proba específica.**
- **Títulos oficiais que habiliten para a profesión docente.**

Nivel A2

- **Certificación da formación:** unha ou varias actividades formativas, **50 horas.**
- **Superación dunha proba específica** de acreditación.
- **Títulos oficiais que habiliten para a profesión docente.**

Nivel B1

- **Certificación da formación:** unha ou varias actividades formativas, **70 horas**
- **Superación de proba específica de acreditación.**
- **Avaliación a través da observación do desempeño.**

Nivel B2

- **Certificación da formación:** unha ou varias actividades formativas, **80 horas**
- **Superación de proba específica de acreditación.**
- **Avaliación a través da observación do desempeño.**

Nivel C1

- **Avaliación a través da observación do desempeño**
- **Acreditación por un proceso de análise e validación das evidencias compatíbeis cos indicadores do nivel C1 do MRCDD vixente.**

Nivel C2

- **Avaliación a través da observación do desempeño.**
- **Acreditación por un proceso de análise e validación das evidencias compatíbeis cos indicadores do nivel C2 do MRCDD vixente.**

AS ÁREAS

Cada nivel está estruturado en seis áreas que responden ás categorías nas que se organizan as competencias dixitais:

Área 1

- Compromiso profesional.

Área 2

- Contidos dixitais.

Área 3

- Ensino e aprendizaxe.

Área 4

- Avaliación e realimentación

Área 5

- Apoderamento do alumnado

Área 6

- Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado

OS INDICADORES DE LOGRO

Son os enunciados que identifican unha conduta que expresa o nivel de aptitude alcanzado nunha competencia. Estes representan os coñecementos, destrezas e actitudes que, de forma integrada, permiten describir de forma observábel os desempeños característicos para un nivel e competencia.

Podemos consultar os **indicadores de logro e áreas** das distintas competencias no documento do Marco de referencia de competencia dixital docente (publicación no BOE ou no relatorio do MEFPD).

Onde podemos consultar o nivel que a Consellería nos recoñeceu no perfil da competencia dixital?

Podemos consultalo no rexistro de Acreditacións de **Fprofe** (edu.xunta.gal/fprofe) entrando co noso usuario e contrasinal. No caso de non ter recoñecido o nivel completo por formacións ou outras vías podemos ver as horas que nos faltan ou as áreas que non temos certificadas.

Que significa cada unha das indicacións que aparece no noso panel da CDD? Estrutura da pantalla.

Esta imaxe pode servir de exemplo de como está estruturado o espazo onde podemos consultar o nivel de competencia dixital que temos recoñecido:

Acreditacións

Nivel	1. Compromiso profesional	2. Contidos dixitais	3. Ensino e aprendizaxe	4. Avaliación e retroalimentación	5. Empoderamento do alumnado	6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado	Horas realizadas/ Horas mínimas	Estado	Modalidades	Accións
A1	✔	✔	✔	✔	✔	✔	50 - 40	Acreditada	Certificación da formación / Proba / Título	
A2	✔	✔	✔	✔	✔	✔	70 - 50	Acreditada	Certificación da formación / Proba / Título	
B1	✔	✔	✔	✔	✔	✔	70 - 70	Acreditada	Certificación da formación / Observación do desempeño / Proba	
B2	✘	✔	✘	✔	✔	✔	30 - 80	Parcialmente	Certificación da formación / Observación do desempeño / Proba	Buscar formación
C1	✘	✘	✘	✘	✘	✘			Análise e validación de evidencias / Observación do desempeño	
C2	✘	✘	✘	✘	✘	✘			Análise e validación de evidencias / Observación do desempeño	

A persoa que teña un cadro coma este na pestana de "Acreditacións" de FPROFE ten acreditado e certificado o nivel B1 (como se ve na imaxe pode descargar o pdf). Pola contra, non ten acreditado nin certificado o nivel B2 porque lle faltan áreas por acadar (marcadas con cruz vermellla) e tamén lle faltan horas (porque ten 20 das 80 mínimas esixidas). Aínda que tivera todas as áreas en verde se lle faltasen horas non certificaría o nivel e tampouco se tivese todas as horas pero non todas as áreas marcadas en verde. Tamén se pode acadar o estado Acreditado só mediante a observación do desempeño, aínda que non se teña formación realizada, neste caso non constan as horas.

Estamos diante dunha táboa de dobre entrada onde aparecen: **os diferentes niveis (filas) e a información relativa a cada nivel** (áreas, horas, estado e modalidades).

- Primeira columna **"Nivel":** os diferentes niveis da CDD que podemos acreditar.
- Da segunda á sétima columna: as diferentes **áreas** das que se compón cada nivel da CDD.
- Oitava columna **"Horas realizadas / Horas mínimas":** indica o número de horas de formación que temos realizadas en cada nivel e as horas mínimas que debemos acreditar.

A acreditación dos niveis ten **carácter progresivo e acumulativo,** de xeito que os cursos que acrediten unha área dun nivel superior incorpóranse á formación do nivel inferior da área correspondente, polo que estas quedan superadas: **se temos un B2, por exemplo, tamén temos un B1 (aínda que non realizaramos todas as horas de formación deste nivel inferior).**

- Novena columna **"Estado":** o estado en que se atopa cada nivel (superada, parcialmente ou en branco):
  - Superada: temos cursadas as horas mínimas do nivel (40 no A1; 50 no A2; 70 no B1; e 80 no B2).

- Parcialmente: neste caso poden darse varias casuísticas: que non teñamos o número de horas mínimas e/ou nos falte formación nalgunha das áreas; que non teñamos o número de horas mínimo mais si todas as áreas co "tic" en verde; que teñamos e/ou superemos o número de horas mínimas mais que nos falte algunha das áreas.
- Todas as áreas en vermello: non temos ningunha formación feita que acredite este nivel.

- Décima columna **"Modalidades":** indica os xeitos en que podemos acreditar a CD en cada nivel.
- Titulacións oficiais de acceso á función docente (só para niveis A1 e A2).
- Certificación da formación: até o nivel B2
- Proba: neste momento a Consellaría non realizou ningunha proba.
- Observación do desempeño que, polo de agora, se restrinxe a roles e postos docentes (B1, B2 e C1).
- Análise e validación de evidencias (só para C1 e C2). **Para acreditar o C1** hai que xustificar como mínimo o 80% dos indicadores do nivel.**No caso do C2** poderanse acreditar áreas ou o nivel completo segundo as evidencias achegadas.

Tanto para o recoñecemento por titulacións de acceso como para as evidencias será preciso matricularse na actividade **"Acreditación CDD"** en Fprofe que, segundo avanzou a Consellaría, se abrirá dúas veces ao ano. Habilitarase unha aula virtual para entregar a documentación.

No caso das titulacións presentarase a **certificación académica da mesma acompañada dun documento, emitido pola universidade e asinado pola persoa reitora, vicerreitora ou secretaria da institución que reflicta o nivel de CDD acadado coa dita titulación**, especificando os indicadores de logro asociados ás **áreas A1 e A2** do MRCDD. Malia que a Consellaría abriu unha convocatoria para este procedemento que rematou o 30 de setembro, nos últimos días dese mes publicou que este está pendente de regular por outros organismos, citando a Ministerio e Universidades ***"que serán quen determinen os indicadores".***

No caso das evidencias será preciso entregalas xunto coa documentación que acredite a súa autoría. ***"A persoa solicitante deberá indicar en todas as evidencias presentadas a que área ou áreas do MRCDD se axustan, especificando os indicadores de logro do nivel que pretende acreditar".***

De contar co mínimo de horas de formación realizadas nun nivel, ou por observación do desempeño, ou por titulación de acceso ou por recoñecemento de evidencias debe **ter todas as áreas cubertas. A Consellería emite un certificado** que podemos atopar en pdf na última columna.

RECOÑECEMENTO DE OFICIO

1.- ROLES E POSTOS DOCENTES

Serán recoñecidos de oficio **cun dos niveis B ou C todos aqueles roles e postos docentes que aparecen recoñecidos no Anexo** da *Resolución do 5 de xullo de 2024 pola que se convocan os diferentes procedementos para a obtención da CDD.*

Desde a CIG-Ensino fixemos chegar á Administración, na reunión informativa á que nos convocaron logo de publicar a resolución, o noso malestar por **non pasar este documento por unha mesa sectorial e non abrirse un período de consulta co profesorado**.

De feito consideramos que **se debería recoñecer de oficio a impartición das especialidades dese anexo** (ou doutras que deberan terse incorporado), **aínda que fosen impartidas como afíns** por parte de docentes doutras especialidades.

No apartado que fai referencia ao *"Persoal dos corpos de catedráticos/as, de profesorado de ensino secundario e de persoal técnico de formación profesional que exercera a docencia, polo menos, 2 anos, nas seguintes especialidades:"* advertimos un erro ao non aparecer **a especialidade de Tecnoloxía que xa foi subsanado mediante unha corrección de erros.**

En calquera caso este documento pode sufrir actualizacións dado que, a petición da CIG-Ensino, a Consellaría aceptou que o profesorado poida facer achegas tanto para que se inclúan novos roles e postos susceptíbeis de ser recoñecidos como para solicitar que se reavalíe o recoñecemento de oficio realizado até o momento.

Como podemos reclamar o nivel asignado se non está correcto?

En primeiro lugar hai que contrastar que en **"Datos Persoais"** teñamos incorporado o rol ou posto que queremos que se nos recoñeza. Do contrario, poñerémonos en contacto co centro para obter a documentación xustificativa e alegala no momento en que se abra o procedemento de actualización de datos persoais ou cando a Consellaría volva abrir a convocatoria. Por outra banda, de figurar esta información en Datos Persoais e non ver reflectido no **Rexistro de Acreditación da CDD** o seu nivel, as persoas afectadas poden dirixirse ao correo: **acreditacionCDD@edu.xuntal.gal** xustificando o desempeño dese rol ou posto docente.

Como reclamar o recoñecemento dunha especialidade que non aparece no Anexo?

Mediante unha **solicitude xenérica á DX de Centros e RRHH** explicando que esa especialidade non aparece recollida no anexo que reproducimos a continuación, ***"malia ter vinculación coas áreas, etapas, niveis de progresión e indicadores de logro do MRCDD".*** Podes cotexar o documento publicado pola Consellaría a este respecto **nesta ligazón.**

ASIGNACIÓN DE NIVEL CDD AOS SEGUINTES ROLES E POSTOS DOCENTES

Rol/posto docente	Nivel CDD
Persoal docente que participara en Proxecto eTwinning coa obtención de Selo de Calidade eTwinning desde 2020 e 18 puntos da rúbrica de avaliación pública.	B1
Persoal docente embaixador/a eTwinning.	C1
Coordinación TIC e similares: Coordinador/a e-dixgal, Coordinador/a Abalar de centro, Dinamización de novas tecnoloxías da información e comunicación, Responsable de dinamización de novas tecnoloxías da información e comunicación similares TIC.	C1
Persoal docente que exercera a mentoría ADIX da rede DixitalGal durante, polo menos, 2 anos.	C1
Persoal docente que exercera a titorización de, polo menos, 75 horas de formación en cursos Platega ou participara como relator de, como mínimo, 75 horas de formación de cursos presenciais relacionados coa CDD.	C1
Persoal docente de centros integrados de FP, CIFP, que exercera a coordinación de programas internacionais, responsables de calidade ou de innovación e formación do profesorado, polo menos, 2 anos.	B2
Persoal docente de centros de réxime especial que exerzan a coordinación de programas internacionais ou a coordinación de formación de profesorado, polo menos, 2 anos.	B2
Persoal dos corpos de catedráticos/as, de profesorado de ensino secundario e de persoal técnico de formación profesional que exercera a docencia, polo menos, 2 anos, nas seguintes especialidades: 513509 Deseño interiores, 513512 Deseño gráfico, 513515 Fotografía, 513521 Medios audiovisuales, 513522 Medios informáticos, 590101 Administración de empresas, 590102 Análise e química industrial, 590104 Construcións civís e edificacións, 590107 Informática, 590110 Organización e xestión comercial, 590113 Organización e proxectos sistemas enerxéticos, 590119 Procesos e medios de comunicación, 590122 Procesos e produtos en artes gráficas, 590124 Sistemas electrónicos, 590125 Sistemas electrotécnicos e automáticos, 590206 Instalacións Electrotécnicas, 590210 Máquinas, servizos e producción, 590211 Mecanizado e mantemento de máquinas, 590212 Oficina de proxectos de construción, 590213 Oficina de Proxectos de fabricación mecánica, 590215 Operación de procesos, 590221 Procesos comerciais, 590222 Procesos de xestión administrativa, 590223 Produción en artes gráficas, 590227 Sistemas e aplicacións informáticas, 590229 Técnicas e procedementos de imaxe e son, 590231 Equipos electrónicos, 591202 Equipos electrónicos, 593010 Composición, 593100 Tecnoloxía Musical, 593115 Produción e Xestión de Música e Artes Escénicas, 594412 Fundamentos composición, 595509 Deseño interiores, 595510 Deseño de moda, 595511 Deseño de produto, 595512 Deseño gráfico, 595515 Fotografía, 595519 Materiais e tecnoloxía: conservación e restauración, 595520 Materiais e tecnoloxía: deseño, 595521 Medios audiovisuais, 595522 Medios informático, 596608 Fotografía e procesos de reprodución	B2

Incluída 590019 Tecnoloxía

Persoal docente que exercera a educación a distancia en centros autorizados pola Consellería, durante polo menos 2 anos.	C1
Persoas directoras de centros educativos públicos que desempeñaran esta función polo menos 2 anos.	B2
Persoal docente que desempeñara outros cargos directivos en centros públicos: xefatura de estudos, vicedirección e secretaría, polo menos, 2 anos.	B2
Persoal pertencente ao corpo de Inspección educativa que exercera este cargo, polo menos, 2 anos.	B2
Persoas directoras e persoal asesor de formación da Rede de Formación do Profesorado e persoal asesor da Consellería que desempeñaran esta función, polo menos, dous anos.	B2
Persoal asesor de formación da Rede de Formación do Profesorado e persoal asesor da Consellería, de programas educativos institucionais relacionados coa Estratexia Educación Dixital 2030 da Consellería que desempeñaran esta función polo menos dous anos	C1
Persoal responsable da coordinación e implementación de programas educativos institucionais relacionados coa Estratexia Educación Dixital 2030 da Consellería que desempeñaran esta función polo menos dous anos.	C1

2.- ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN

Será recoñecida de oficio tamén **a formación**. Aqueles cursos que teñen homologación por parte da Consellaría incorpóranse ao noso perfil das acreditacións ao rematalos e queda rexistrada e validada a actividade no Rexistro da Formación Permanente do Profesorado da Xunta de Galiza.

Que formacións ten recoñecidas de oficio a Consellería?

- **As formacións que realizamos desde setembro de 2018 até o remate do curso 2022-2023 e teñen algunha relación coa CDD.**
- **As formacións realizadas desde o curso 23/24 sobre CDD ou cursos de didáctica onde aparezan recoñecidas algunhas áreas da CD**.

A actualización da acreditación a través de formacións será **automática**, segundo esta se incorpore ao rexistro de Formación do Profesorado. De non aparecer recoñecida -en Fprofe e/ou en Datos Persoais- algunha formación que consideremos que cumpre os requisitos poderase reclamar a través do correo **acreditacionCDD@edu.xuntal.gal**.

Desde a CIG-Ensino e a AS-PG vimos ofertando desde o curso 2023/2024 varias formacións coas que se pode obter a acreditación do nivel B2 e, polo tanto, dos niveis inferiores. Tamén foron recoñecidas diferentes áreas a moitas actividades das que realizamos desde o 2018 até o 2022/2023.

Que acontece coa formación impartida?

De momento a Consellaría o único que aclara a respecto da formación impartida é que se terá en conta para acreditar mediante **a análise e validación de evidencias ter sido titor/a ou relator/a para acadar niveis C1 ou C2.**

Así mesmo, **nos roles e postos docentes que permiten acreditar de oficio o nivel C1** só se inclúe *"a titorización de polo menos 75 horas de cursos Platega ou como relator/a de cursos presenciais relacionados coas CDD".*

Desde a CIG-Ensino consideramos discriminatorio que, ao igual que o caso anterior, debera incluírse toda a formación impartida **a distancia**, homologada ou realizada por administracións educativas e relacionada coas competencias dixitais.

ACREDITACIÓN POR TITULACIÓNS DE ACCESO

Como se acredita a CDD polo recoñecemento de títulos oficiais que habiliten para a profesión docente?

Para esta acreditación a Consellaría abriu un prazo de inscrición en Fprofe que rematou o 30 de setembro, sen apenas publicitalo máis alá da súa inclusión no articulado da Resolución do 5 de xullo. A Consellaría, xa co prazo aberto, publicou nos últimos días de setembro que o procedemento de acreditación a través de titulacións de acceso está pendente de regular por outros organismos, citando a Ministerio e Universidades "*que serán quen determinen os indicadores*". Á CIG-Ensino non lle parece serio que se fixera unha convocatoria sen ter claros os criterios que se van seguir para este recoñecemento e que a Consellaría bote balóns fóra ao respecto.

O único que se recolle na norma de xullo é que as persoas interesadas deberán presentar a **certificación académica da titulación** acompañada dun **documento, emitido pola universidade e asinado pola persoa reitora, vicerreitora ou secretaria da institución que reflicta o nivel de CDD** acadado coa dita titulación, especificando os indicadores de logro da CDD asociados ás **áreas A1 e A2** do MRCDD.

Neste sentido, na reunión mantida cos responsábeis da Consellaría fixemos constar que se debería **facilitar este trámite** xa que, tal e como aparece na resolución, **é obrigatorio solicitar á persoa reitora, vicerreitora ou secretaria da institución a acreditación do nivel acadado coa titulación,** o que complica e ralentiza a súa consecución.

ACREDITACIÓN A TRAVÉS DE EVIDENCIAS

Para a acreditación da CDD polo **procedemento de análise e validación de evidencias** entregaranse estas e a documentación xustificativa que acredite a autoría das mesmas. Para iso haberá que agardar a que a Consellaría abra unha nova convocatoria dado que a anterior pechou o día 30 de setembro. En principio avanzaron que se realizarían dúas cada curso académico.

A persoa solicitante deberá indicar en todas as evidencias presentadas a que área ou áreas do MRCDD se axustan, especificando os indicadores de logro do nivel que pretende acreditar. Para isto, deberá verificar que se cubran todas as áreas e, polo menos, o 80% dos indicadores deste nivel.No caso de non obter o total de porcentaxe/indicadores a Administración pode recoñecer algunhas áreas dos niveis C1 e C2 e non os niveis completos.

Cales son as evidencias?

Á espera dunha maior concreción a Consellaría publicou no Anexo I da *Orde do 1 de xuño de 2023 pola que se regula o procedemento para a acreditación da competencia dixital docente no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia* que *"terán consideración de evidencias e deberán documentarse e estar especificamente relacionadas coas competencias dixitais docentes"* as seguintes:

Para o C1:

- Coordinación TIC ou posto equivalente.
– Os premios nominais outorgados polas administracións educativas.
– As publicacións con NIPO e/ou ISBN, ISSN, DOI ou URL.
– A coordinación de proxectos de formación en centros.
– A participación en accións formativas en calidade de titor/a ou relator/a.
– A participación en proxectos colectivos de investigación e de innovación.
– Calquera outra evidencia que acredite o nivel C1

Para o C2:

– Os premios nominais outorgados polas administracións educativas.
– As publicacións con NIPO e/ou ISBN, ISSN, DOI ou URL.
– A participación como relator/a en congresos de ámbito autonómico, nacional e internacional.
– A coordinación e autoría de proxectos de investigación e de innovación educativa.
– Os recoñecementos por parte das administracións educativas de implementar melloras significativas no ámbito educativo.
– Currículo para avaliar a traxectoria profesional.
– Calquera outra evidencia que acredite o nivel C2.

Acreditación da CDD doutras CCAA

1.- Só se recoñecerán **niveis completos** da CDD acreditados por outra comunidade. Para iso haberá que enviar un documento xustificativo a **acreditacioncdd@edu.xunta.gal** indicando no asunto "**Acreditación outras CCAA".**
De cumprir os requerimentos integrarase autonomaticamente en Acreditación de Fprofe.

2.- No caso de ter desempeñado un rol ou posto docente noutra comunidade a acreditación será realizada de oficio sempre e cando estea incluído en Datos Persoais.

En caso contrario haberá que reclamalo de novo a través do correo coa documentación xustificativa.

A CIG-ENSINO ADVIRTE QUE A IMPROVISACIÓN DA CONSELLARÍA PODE IMPLICAR PROBLEMAS NO CXT 24/25

O sindicato maioritario, que foi moi crítico con todo este procedemento de acreditación de CDD desde o comezo, en sucesivas reunións mantidas coa Consellaría insistiulle en que estaba a actuar improvisadamente e que o persoal docente non pode verse afectado pola falta de transparencia e de claridade na información. En concreto, como xa se indicou, o prazo para acreditar as titulacións oficiais de acceso á función docente ou as evidencias de desempeño comezou durante as vacacións do verán e rematou o 30 de setembro o que, de partida, pode implicar agravios comparativos entre o profesorado que tivo acceso a esta información e o que non. Na Mesa Sectorial do 15 de outubro a Consellaría comentou que recibiu 800 solicitudes para estes dous procedementos e a que a súa intención é completar a súa baremación para este concurso. A CIG-Ensino afeoulle que todos os trámites sexan excesivamente farragosos e pediulle que os simplificase porque supón unha sobrecarga de traballo para o profesorado.

Tal e como quedou no borrador da Orde que regula o CXT, esta vai ser a puntuación que reciban os distintos niveis da CDD no punto 5.4 dentro de Formación e Perfeccionamento. En concreto poderán obterse até 3 puntos dun máximo de 15 neste apartado:

A1: 0,5 puntos
A2: 1 punto
B1: 1,5 puntos
B2: 2 puntos
C1: 2,5 puntos
C2: 3 puntos

1.- Máis información sobre os procesos de recoñecemento, que están continuamente a sufrir modificacións e aclaracións, nesta ligazón:

2.-

2024-25

CURSOS FORMACIÓN

CIG Confederación Intersindical Galega ENSINO

as.pg ASOCIACIÓN SOCIO PEDAGÓXICA GALEGA

Cursos presenciais

	DATA	LUGAR	HORAS
Paseos pedagóxicos de Vigo 2024. Orixes V. Arredor das Rías Baixas	Sábados 7, 14, 21 e mércores 11 e 25 de setembro	Vigo	32 h
XXXVI Semana da Educación de Pontevedra	Do 18 ao 21 de setembro	Pontevedra	20 h
IV Xornadas de Historia de Galiza. A nosa Historia facémola nós. Paseos histórico-pedagóxicos	16 de novembro	Santiago de Compostela	8 h
IV Xornadas de Normalización Lingüística	25 de xaneiro	Santiago de Compostela	8 h
XXI Xornadas das Mulleres	15 de marzo	Santiago de Compostela	8 h
XXXIV Xornadas de Lingua e Literatura	26 de abril	Santiago de Compostela	8 h
XXV Xornadas de Educación Infantil	26 de abril	Santiago de Compostela	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	21 de setembro	A Coruña	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	21 de setembro	Lugo	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	28 de setembro	Santiago de Compostela	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	28 de setembro	Pontevedra	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	28 de setembro	Ourense	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	28 de setembro	Ferrol	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	5 de outubro	Vigo	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	5 de outubro	A Mariña	8 h
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración da memoria	19 de outubro	O Morrazo	8 h

Pílulas formativas (NOOC)

1º TRIMESTRE:	Novidades lexislativas para FP.
2º TRIMESTRE:	Un modelo competencial de ensino.
3º TRIMESTRE:	Acceso á docencia para Infantil e Primaria.
	Acceso á docencia para Secundaria e FP.

LIGAZÓNS PARA MATRICULARSE:

www.as-pg.gal

www.cig-ensino.gal

- **Todos os cursos teñen solicitada a homologación** da Consellería de Educación agás as pílulas formativas ou NOOC.
- **Aclaración sobre Competencia Dixital Docente**: segundo a Orde de formación, os cursos a distancia non poden simultanearse, excepto os cursos a distancia sobre CDD dos que se poden realizar 2 a un tempo. Se realizas 3 cursos desta programación "para certificar a competencia dixital", combinando todas as áreas (A 1, A 2, A 3, A 4, A 5 e A 6), obterás a acreditación dixital docente no nivel B2.
- **Axudas económicas para formación**: segundo o establecido na Orde de reintegros individuais, da que a convocatoria de 2024 se publicará previsiblemente en outubro, pódense recibir axudas económicas para matrícula e desprazamentos. Se se quixesen solicitar, haberá que gardar os xustificantes de pagamento dos dous conceptos.

Cursos a distancia

1º TRIMESTRE

1ª QUENDA DO 25 DE SETEMBRO AO 18 DE OUTUBRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 2 E A 5. Configuración de tecnoloxías de audio para traballar os podcast e a educación da voz.
- O audiovisual no ensino.
- Os centros de titularidade do Estado no marco da acción educativa española no exterior.

2ª QUENDA DO 22 DE OUTUBRO AO 15 DE NOVEMBRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 3 e A 6. Deseño gráfico de materiais vectoriais para Polos Creativos e aplicación nas aulas.
- Programacións didácticas para secundaria.
- Deseño de situacións de aprendizaxe e secuencias didácticas para as áreas lingüísticas.

3ª QUENDA DO 20 DE NOVEMBRO AO 17 DE DECEMBRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 1 e A 4. Análise e elaboración de tecnoloxía dixital da Administración Educativa para avaliación formativa.
- A arte como recurso para promover a coeducación nas aulas.
- Educación para o cambio: a integración da Axenda 2030 e os ODS na aula.

2º TRIMESTRE

1ª QUENDA DO 10 AO 31 DE XANEIRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 3 e A 6. Deseño gráfico de materiais vectoriais para Polos Creativos e aplicación nas aulas.
- Conceptos clave para a elaboración dun Plan de Apoio de atención á diversidade e Programas de Intervención para PT e AL.
- Deseño e elaboración de unidades didácticas en Primaria.
- Deseño de tarefas e probas competenciais para as PAU.

2ª QUENDA DO 4 AO 27 DE FEBREIRO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 1 e A 4. Análise e elaboración de tecnoloxía dixital da Administración Educativa para avaliación formativa.
- Música galega: vehículo para o ensino actual en todas as áreas e materias.
- Deseño e elaboración de unidades didácticas para FP.
- Deseño e elaboración de unidades didácticas para Infantil.

3ª QUENDA DO 11 DE MARZO AO 3 DE ABRIL

- Autora ou autor que se homenaxea no Día das Letras Galegas.
- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 2 E A 5. Configuración de tecnoloxías de audio para traballar os podcast e a educación da voz.
- Portugués inicial para docentes A2.2.

3º TRIMESTRE

1ª QUENDA DO 8 DE ABRIL AO 5 DE MAIO

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 1 e A 4. Actividades interactivas e de avaliación con H5P en Moodle e E-Dixgal.
- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 2 e A 5. Intelixencia artificial para o ensino e atención á diversidade.
- Curso para certificar a competencia dixital B2: A 3 e A 6. Aula invertida e podcast.
- Orientacións para o módulo de dixitalización aplicada ao sector produtivo.

2ª QUENDA DO 8 DE MAIO AO 2 DE XUÑO

- Implicacións docentes da nova normativa de FP.

Duración dos cursos a distancia: 30 horas